

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/5	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	28 de maio de 2020
Duración	Desde as 21:00 ata as 0:06 horas
Lugar	PARTICIPACIÓN A DISTANCIA
Presidida por	Fátima Abal Roma
Secretario	MIGUEL RODRIGUEZ DE VICENTE-TUTOR

ASISTENTES (17):

PSDG-PSOE (4): D^a María Cruz Leiro Peña, D. Samuel Lago Ozón, D^a Milagros Martínez Piñeiro e Sra. Alcaldesa.

SOMOS CAMBADOS (3): D. Xurxo Charlín Trigo, D. Constantino Cordal Rodríguez e D. Fernando Patricio Rey

B.N.G. (2): D. Víctor Manuel Caamaño Rivas e D^a Mariel Oubiña Vázquez.

P.P. (7): D. Luís Aragunde Aragunde, D^a María Isabel Fole Trigo, D^a Sonia Agra Piñeiro, D. Juan Ramiro Gómez Blanco, D^a María del Mar Núñez Chaves, D^a Silvia Fernández Pérez e D^a Nerea Pintos Castro.

CAMBADOS PODE (1): D. José Ramón Abal Varela.

A sesión celébrase mediante videoconferencia e a distancia de acordo co disposto no artigo 46.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril e a Resolución da Alcaldía do 21.04.2020.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA



1.-Aprobación das actas das sesións sesións celebradas os días 30/xaneiro/2020, 09/marzo/2020 e 12/marzo/2020 (Exptes. PLN/2020/1, PLN/2020/2 e PLN/2020/3).-

Dáse conta das actas das sesións celebradas os días 30 de xaneiro, 9 de marzo e 12 de marzo de 2020 (Exptes. PLN/2020/1 e PLN/2020/2 e PLN/2020/3).
O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda préstalle a súa aprobación.

2.- Expediente 313/2020. Proposta de Cambados Pode en apoio ao sector do viño, ao sector enoturístico e en defensa do interese xeral de Cambados.-

Dáse conta do ditame da Comisión de Turismo e Enoturismo por un (1) voto a favor do concelleiro integrado no grupo mixto (Cambados Pode) e seis abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PsdeG-PSOE, Somos Cambados, PP e BNG en relación coa proposta presentada polo grupo municipal Cambados Pode, na que se recolle o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.-

No período 2015-2019 Cambados consegue tódolos premios posibles como fruto do gran esforzo realizado no departamento de enoturismo e grazas á colaboración do sector enoturístico e de toda a sociedade cambadesa.

No ano 2015 o Concello de Cambados pon en marcha o portal web www.cambadosenoturismo.com que ofrece información de utilidade para os turistas interesados no mundo do viño e tamén conta cunha bolsa de traballo tanto para ofertar emprego como para solicitalo nas distintas posibilidades do enoturismo. Así mesmo as novas tecnoloxías incorporáronse a este portal web cunhas prácticas audioguías, así como códigos QR a través dos cales o visitante pode acceder á información que necesita dende o seu móvil. Este proxecto formaba parte dunha subvención do GDR Salnés e o proxecto foi presentado en Futur no ano 2016.

En novembro do ano 2016 Cambados convértese contra todo pronóstico na Cidade Europea do Viño 2017 sendo elexida pola asociación europea RECEVIN de entre 800 cidades de 11 países europeos. Este nomeamento histórico para Cambados e para Galicia tivo un impacto moi positivo na economía local cambadesa e tamén no turismo de toda a comarca de O Salnés. Cambados recibiu un 30% máis de turistas que o ano anterior e a Festa do Albariño nesa edición foi a máis multitudinaria e internacional da historia.

Será no ano 2018 cando despois do esforzo de toda a sociedade cambadesa, do sector enoturístico e tamén das diferentes corporacións locais durante case 7 décadas a Festa do Albariño pasa a ser recoñecida como Festa de Interese Turístico Internacional. Nese mesmo ano Cambados é declarado pola asociación de cidades españolas do viño ACEVIN como o “Mellor Municipio Enoturístico de España 2018”.

Cambados durante o período 2015-2019 é un destino enoturístico de referencia a nivel internacional e a promoción enoturística ten un claro obxectivo que é o de potenciar e desenvolver a economía local promocionando os sectores productivos do Mar, o Viño e o Turismo.

Nos primeiros meses de goberno bipartito PSOE-Somos Cambados estamos asistindo atónitos a un desmantelamento sen precedentes dos logos e traballo realizado polo Departamento de Enoturismo na lexislación anterior. Nestos meses practicamente non se realizaron actividades de promoción enoturística e o que é peor que tratan de desfacer os logos conseguidos ata o momento. Toda esta situación afecta ao interese xeral de Cambados, razón pola cal presentamos esta moción para que o pleno debata e adopte os seguintes acordos.



O PLENO DA CORPORACIÓN ACORDA:

1º.- Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a que repoñan na rotonda de Vilariño o letreiro de “Cambados Cidade Europea do Viño 2017” cumprindo os requerimentos da autorización concedida polo departamento correspondente da Xunta de Galicia. Trátase dun elemento de promoción e posta en valor de Cambados como destino enoturístico e tamén unha publicidade para Cambados nunha estrada de alta densidade de tráfico, ademais de ser a principal entrada de turistas ao noso pobo. Dende logo un reclamo tamén para todos aqueles visitantes que acuden a concellos limítrofes, sen dúbidas unha forma de dar a benvinda a tódolos veciños e visitantes que entran en Cambados.

2º.- Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a recuperar o dominio www.cambadosenoturismo.com e reestablecer o funcionamento do portal web no que se ofrecía información de interese a tódolos visitantes interesados no mundo do viño. Este portal web leva pechado dende o pasado mes de setembro do ano 2019 e o Concello no mes de novembro do ano 2019 emitíu un anuncio coa actividade a celebrar no Día Europeo do Enoturismo a tódalas cidades e Rutas do Viño de España firmando con ese dominio.

3º.- Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a continuar coa tramitación administrativa do expediente para solicitar autorización para instalar a sinalización turística “Cambados, Vila do Albariño” na autopista AP-9 en ambos sentidos na saída de Curro. Esta mesma sinalización foi instalada na autovía Curro-Sanxenxo na saída de Cambados o pasado 2017.

4º.- O Concello de Cambados no prazo máximo de 10 días deberá comunicar o acordo desta moción á Ruta do Viño Rías Baixas, ao Consello Regulador Rías Baixas, ao presidente de RECEVIN, á presidenta de ACEVIN, ao presidente de Cambados Zona Centro, á presidenta da Mancomunidade do Salnés, a tódalas adegas de Rías Baixas implantadas no termo municipal cambadés, e tamén a tódolos establecementos enoturísticos do casco urbano de Cambados.”

Sometido a votación o Pleno, por dez votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP, BNG e Grupo Mixto Cambados Pode e sete en contra dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PsdeG-PSOE e Somos Cambados adopta o seguinte,

ACORDO:

1º.- Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a que repoñan na rotonda de Vilariño o letreiro de “Cambados Cidade Europea do Viño 2017” cumprindo os requerimentos da autorización concedida polo departamento correspondente da Xunta de Galicia. Trátase dun elemento de promoción e posta en valor de Cambados como destino enoturístico e tamén unha publicidade para Cambados nunha estrada de alta densidade de tráfico, ademais de ser a principal entrada de turistas ao noso pobo. Dende logo un reclamo tamén para todos aqueles visitantes que acuden a concellos limítrofes, sen dúbidas unha forma de dar a benvinda a tódolos veciños e visitantes que entran en Cambados.

2º.- Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a recuperar o dominio www.cambadosenoturismo.com e reestablecer o funcionamento do portal web no que se ofrecía información de interese a tódolos visitantes interesados no mundo do viño. Este portal web leva pechado dende o pasado mes de setembro do ano 2019 e o Concello no mes de novembro do ano 2019 emitíu un anuncio coa actividade a celebrar no Día Europeo do Enoturismo a tódalas cidades e Rutas do Viño de España firmando con ese dominio.

3º.- Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a continuar coa tramitación administrativa do expediente para solicitar autorización para instalar a sinalización turística “Cambados, Vila do Albariño” na autopista AP-9 en ambos



sentidos na saída de Curro. Esta mesma sinalización foi instalada na autovía Curro-Sanxenxo na saída de Cambados o pasado 2017.

4º.- O Concello de Cambados no prazo máximo de 10 días deberá comunicar o acordo desta moción á Ruta do Viño Rías Baixas, ao Consello Regulador Rías Baixas, ao presidente de RECEVIN, á presidenta de ACEVIN, ao presidente de Cambados Zona Centro, á presidenta da Mancomunidade do Salnés, a tódalas adegas de Rías Baixas implantadas no termo municipal cambadés, e tamén a tódolos establecementos enoturísticos do casco urbano de Cambados.

3.- Expediente 314/2020. Proposta de Cambados Pode solicitando a inclusión do Proxecto de "Mellora de Servizos Urbanísticos de Manuel Murguía" no Plan Concellos 2020.-

Dáse conta do ditame da Comisión de Obras e Servizos, por tres (3) votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PsdeG-PSOE, Somos Cambados e grupo mixto (Cambados Pode) e catro (4) abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais do PP e BNG, en relación coa proposta presentada polo grupo municipal Cambados Pode, na que se recolle o seguinte:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A instancias dos veciños residentes na rúa Manuel Murguía a principios do ano 2018 o arquitecto municipal redactaba o proxecto de "Mellora de servizos urbanísticos en Manuel Murguía" valorado en 50.055,89€ e consistente en dotar dunha nova rede de sumidoiros e outra de pluviais así como a instalación dunha zona de tránsito adoquinada e beirarrúas de lousa de pedra para mellorar as condicións de accesibilidade e circulación, cunha urbanización similar ao entorno de Fefiñans.

Este proxecto foi aprobado na comisión municipal de Patrimonio de mediados de marzo do ano 2018 e logo continuouse coa tramitación do proxecto arqueolóxico ante o Departamento de Patrimonio correspondente da Xunta de Galicia.

Finalmente non foi posible incorporar este proxecto no Plan Concello 2019 da Deputación de Pontevedra por non haber chegado a tempo os permisos e autorizacións correspondentes á normativa sectorial.

O PLENO DA CORPORACIÓN ACORDA:

1º.- *Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a incluír no próximo Plan Concellos 2020 da Deputación de Pontevedra o proxecto de "Mellora de servizos urbanísticos Manuel Murguía" valorado en 50.055,89€ e que proceda á contratación e execución do mesmo ao longo do ano 2020.*

2º.- *O Concello de Cambados nun prazo máximo de 10 días deberá comunicar o acordo desta moción a tódolos veciñ@s residentes na rúa Manuel Murguía."*

Sometido a votación o Pleno, por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte,

ACORDO:

1º.- *Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a incluír no próximo Plan Concellos 2020 da Deputación de Pontevedra o proxecto de "Mellora de servizos urbanísticos Manuel Murguía" valorado en 50.055,89€ e que proceda á contratación e execución do mesmo ao longo do ano 2020.*

2º.- *O Concello de Cambados nun prazo máximo de 10 días deberá comunicar o*



acordo desta moción a tódolos veciñ@s residentes na rúa Manuel Murguía.

4.-Expediente 1676/2020. Proposta do BNG instando á Xunta de Galicia á aprobación dun Plan galego de reactivación económica por mor da pandemia da Covid-19.-

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Comercio, Promoción Económica, Infancia e Novas Tecnoloxías por (3) tres votos a favor dos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG e catro (4) abstencións grupos municipais de PP e grupo mixto Cambados Pode, en relación coa proposta presentada polo grupo municipal do BNG na que se recolle o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica e social que xa estamos a vivir como consecuencia da pandemia da covid-19, vai ter unha virulencia especial na Galiza, cunha situación económica xa moi debilitada e dependente.

Nesta situación é imprescindible facer políticas atrevidas, valentes e decididas que rachen coa dinámica de parcheo que o único que fai é sustentar o sistema e rebota os efectos da crise sobre os sectores máis desfavorecidos, sobre as clases populares. Os grandes beneficiados, se non o remediamos serán a banca e as grandes corporacións económicas.

Os concellos non teñen competencias estruturais en materia económica e política fiscal. As decisións que se poidan adoptar para facer fronte á crise dende o ámbito local van depender das medidas lexislativas e executivas que se adopten polo Estado e pola Xunta de Galiza.

Para que a administración local poida despregar a súa capacidade de actuación nesta situación é fundamental a derogación da lei de Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (“lei Montoro”), xa que esta lei recolle tres regras fiscais (estabilidade, regra de gasto e débeda) para priorizar o pago da débeda aos bancos).

Esta lei deriva da modificación do art. 135 da Constitución española en 2011. Sen a derogación desta norma as posibilidades de actuación das diferentes administracións veríanse moi minguadas, e quedarían en actuacións de beneficencia.

Están a ser cada vez máis preocupantes as informacións en distintos medios de comunicación da intención do Ministerio de Facenda de utilizar os depósitos remanentes municipais, no canto de permitir que sexan utilizados polos concellos en actuacións da súa competencia. Esta decisión deixaría á administración local sen ningunha capacidade de acción.

Nunha situación como a que estamos a vivir é fundamental a elaboración de mecanismos de solidariedade social nacionais: claridade dos recursos dispoñíbeis en cada nivel de intervención pública, priorización no emprego colectivo destes recursos para que cheguen a quen os precisa (sen que dependa do concello no que residan) e exercicio responsábel das competencias de cada institución, evitando duplicidades, solapamentos e baleiros inadmisíbeis.

Para isto faise preciso a elaboración dun plan galego de reactivación económica e social, consensado entre as distintas administracións, forzas políticas, sectores e axentes sociais. Esta proceso debe estar dirixido polo goberno galego e refrendado polo Parlamento Galego.

A FEGAMP, como asociación dos concellos e deputacións galegas, debe xogar un papel fundamental, sen delegar na FEMP a representación dos concellos galegos. Os concellos galegos van ver máis diminuída a súa capacidade de intervención, investimento e gasto se a interlocución municipal ten como referencia o mapa municipal estatal.



Dada a estrutura da economía galega, cunha elevadísima porcentaxe de traballadores e traballadoras por conta propia e pequenas empresas, o plan galego debe ter especialmente en conta a súa situación e establecer axudas directas, complementarias das do estado, para que podan seguir a desenvolver a súa actividade. Debe haber unha actuación urxente do goberno galego a estes sectores da economía, como xa aprobaron outras comunidades autónomas.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar a Xunta de Galiza á iniciar a elaboración dun plan galego de reactivación económica, consensado con todas as administracións, forzas políticas, axentes e sectores sociais.

Este plan debe delimitar claramente as competencias das distintas administracións, para evitar duplicidades e baleiros no emprego dos recursos públicos.

2. Instar á Xunta de Galiza á elaboración con urxencia dun plan galego de axudas, que complemente as medidas do estado, a autónomos e pemes.

3. Instar á FEGAMP e á Xunta de Galiza a esixir a derogación da Lei Montoro para permitir que os concellos poidan desenvolver toda a súa capacidade de investimento e gasto.

Manifestar a firme oposición da corporación municipal a calquera pretensión do Ministerio de Facenda de incautar ou bloquear os fondos municipais.”

O grupo municipal do PP plantea a seguinte emenda ao ditame,

“1. Instar á Xunta de Galicia a seguir implementando medidas de apoio a autónomos e pemes. Estas medidas deben seguir adoptándose escoitando as propostas dos colectivos afectados, así como as dos interlocutores sociais no proceso de Diálogo Social aberto e o Comité de Expertos Económicos, creado para analizar o impacto da pandemia na economía galega e afrontar nas mellores condicións a nova situación e promover a recuperación económica.

2. Instar ao goberno de España a non utilizar os poderes excepcionais que lle confire o estado de alarma, nin outro subterfuxios legais, para apropiarse dos aforros das Entidades Locais, respectando a autonomía financeira das entidades locais.

3. Instar ao goberno de España a flexibilizar as regras para que as entidades locais poidan utilizar os seus superávits para implementar aqueles servizos e medidas que permntan actuar contra a pandemia, sempre en coordinación coas Comunidades Autónomas e o Estado.”

Sometido a votación a toma en consideración da emenda presentada polo grupo municipal do PP o Pleno por oito votos a favor dos concelleiros integrados no grupo municipal do PP e grupo mixto Cambados Pode e nove en contra dos grupos municipais de PsdG.PSOE, Somos Cambados e BNG rexeita a toma en consideración da emenda anterior.

Sometido a votación o Pleno por dez votos a favor dos grupos municipais de PsdeG-PSOE, Somos Cambados, BNG e grupo mixto Cambados Pode e sete en contra dos concelleiros integrados no grupo municipal do PP adopta o seguinte,

ACORDO:

1.- Instar a Xunta de Galiza á iniciar a elaboración dun plan galego de reactivación económica, consensado con todas as administracións, forzas políticas, axentes e sectores sociais.



Este plan debe delimitar claramente as competencias das distintas administracións, para evitar duplicidades e baleiros no emprego dos recursos públicos.

2.- Instar á Xunta de Galiza á elaboración con urxencia dun plan galego de axudas, que complemente as medidas do estado, a autónomos e pemes.

3.- Instar á FEGAMP e á Xunta de Galiza a esixir a derogación da Lei Montoro para permitir que os concellos poidan desenvolver toda a súa capacidade de investimento e gasto.

Manifestar a firme oposición da corporación municipal a calquera pretensión do Ministerio de Facenda de incautar ou bloquear os fondos municipais.

5.- Expediente 1627/2020. Proposta de Cambados Pode interesando a reapertura gradual do mercadillo.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Comercio, Promoción Económica, Infancia e Novas Tecnoloxías por (1) un voto a favor do grupo mixto Cambados Pode e (6) seis abstencións dos grupos municipais de PP, PsdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG en relación coa proposta presentada polo grupo municipal Cambados Pode, na que se recolle o seguinte:

“Nestas últimas datas estamos vendo como tódolos concellos da contorna están procedendo á reapertura dos mercadillos de postos ambulantes despois da etapa de confinamento vivida polo Covid-19.

Pouco a pouco, a medida que avanza as fases de desescalada é moi necesario reactivas a economía local. No caso do Concello de Cambados atopámonos cunha situación insólita na que o goberno municipal está poñendo tódalas trabas posibles para que a reapertura do mercadillo ambulante se faga na mesma localización que ata o de agora, impondo de forma autoritaria un traslado cara á Rúa Nova sen consultalo previamente cos vendedores e veciños afectados. O Concello de Cambados está a tentar aproveitar a coxuntura económica e social que estamos a vivir polo coronavirus para levar a cabo esa promesa electoral.

Todos coñecemos a importancia do distanciamento social (dispersión da poboación), controis de aforo e equipos de protección individual (máscaras, luvas, etc.) así como unha correcta hixiene de mans.

Esta hipotética nova localización significaría aumentar a densidade de persoas por unidade de superficie nunha rúa moi frecuentada xa que se trata dunha zona moi comercial e con moitos residentes formando parte do colectivo de risco de máis de 65 anos. Polo tanto o traslado pretendido polo goberno municipal provocaría claramente un aumento do risco de contaxio, tanto para os clientes como para os propios vendedores e tamén para os residentes.

Ante esta situación de inseguridade sanitaria e ante a negativa dos vendedores e veciños a este traslado propoñemos a este Pleno o debate e aprobación dos seguintes puntos.

O PLENO DA CORPORACIÓN ACORDA:

1º.- Instar á Alcaldesa e ao grupo de goberno do Concello de Cambados a reabrir gradualmente o mercadillo ambulante permitindo a instalación dos postos de alimentación na mesma localización que ata o momento, na explanada enfronte ao supermercado Gadis, cumprindo coas medidas de seguridade implementadas polas Autoridades Sanitarias.

2º.- O Concello de Cambados non abordará o proxecto de cambio de localización do mercado ambulante sen consensualo previamente con veciños e vendedores e ata que se normalice a situación económica e social que estamos a vivir por mor do coronavirus.”

Iniciado o debate do asunto conclúe a sesión antes da súa votación.



Superada a medianoite, a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F constando na convocatoria os puntos da orde do día da actividade de control dos que se da conta:

- Dación de conta do informe de morosidade relativo ao cuarto trimestre de 2019
- Dación de conta do informe de morosidade relativo ao primeiro trimestre do 2020
- Dación en conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

